




FAROS DESDE A ILLA DA AROUSA ATA O CABO SILLEIRO



Adela Leiro, Mon Daporta
agosto 2025

Distancia: 217 km + desvíos, viaxes en barco e camiñadas
Dificultade: baixa



Último (ou primeiro) deste enorme camiño dos faros por todo o litoral do país. Inclúe parte das Rías de Arousa, Pontevedra e Vigo. Sete faros e outras luces de sinalización. Unha paisaxe que combina o valor natural e cultural. Lugares poboados en contraste con cantís e praias onde gozar plenamente da natureza. Inclúe varios espazos protexidos “Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galiza” (Illas de Ons e Cíes”), LICs “Ons-O Grove”, “Costa da Vela”, “Illas Estelas”, “Monteferro” e “A Ramallosa”.



Faro de Punta Cabalo (Illa de Arousa)



Os faros son edificacións na costa para facilitar a navegación. Están dotados dun sistema de sinais visuais: pinturas seguindo uns códigos, para facelas visibles polo día, e luces para facelas visibles pola noite. Cada faro emite un sinal diferente formado por un número de destellos e ocultacións que permiten distinguilo de calquera outro da súa proximidade. Algúns, en casos de visibilidade dificultosa, emiten sons. Con carácter xeral chámanse faros a todas as estruturas de sinalización visual que emiten luz, aínda que os especialistas diferencian entre faros e farolas ou balizas.

Os **faros** son edificios de formas variadas e adoitan estar situados en puntos singulares da costa. O alcance da súa luz é moi elevado.

As **balizas** poden situarse en terra ou no mar, sobre boias. O seu alcance é menor que o dos faros e teñen formas e cores normalizados. Adoitan ir situadas en canles ou puntos de perigo en zonas de navegación. Marcan rutas seguras.

Aínda que na actualidade a navegación está controlada por sistemas electrónicos (GPS, RADAR) os faros seguen a ter importancia funcional, sobre todo pola noite, porque permiten verificar as posicións.

PERCORRIDO

1 Faro da Illa da Arousa. Situado na punta Cabalo.
Para achegarse ao faro hai un camiño pola beira do mar con fermosas vistas.

2 (O Carreiro) San Vicente do Grove. 38/44 km
Un cabo con formacións rochosas moi interesantes desde o que podemos ver os faros de Sálvora, **O Golfeiriño** e **O Pombeiro**. Nas proximidades atópase a necrópole de Adro Vello e varias salgas. No percorrido desde A Arousa pasamos por Vilanova de Arousa, Cambados e O Grove.

3 A Lanzada. 11, 3 Km. Vista da illa e faro de Ons.

Podemos achegarnos á punta da Ermida (Sanxenxo) onde podemos ver a capela, os restos dunha torre medieval e unha necrópoli.

4 Marín (44 pola costa e 54 pola vía rápida e autopista). Neste longo percorrido pasamos por Portonovo, Sanxenxo, Combarro, Poio e Pontevedra. Desde a entrada de Marín podemos contemplar o **faro da illa de Tambo** que pertence ao concello de Poio. Hai visitas guiadas a Tambo desde Combarro.

5 Punta Couso (Cangas) 28 km.

Desde Marín podemos achegarnos a Bueu, e pasar por O Hío (fermoso cruceiro) e Aldán. O acceso ao faro é complicado pola privatización dos terreos do cabo.

6 Cabo Home (Cangas) 13, 3 km. **Faro de Cabo Home 1, faro de Cabo Home 2 -na punta Sobrido- e faro da punta Robaleira.**

Esta área está protexida no Lic “Costa da Vela”. É un espazo dun enorme valor ecolóxico, biolóxico e paisaxístico. Podemos achegarnos a pé ao Facho de Donón e a varias praias.

7 Faro do monte da Guía (Vigo) 38,2 km.

Se non imos pola vía rápida podemos pasar por Cangas e Moaña. En Vigo recomendamos o Museo de Mar e unha visita ao porto. O monte da Guía ten unhas vistas espectaculares da ría de Vigo e da cidade. Desde Vigo hai viaxes á Illas Cíes e unha vez alí visitar os **faros do Peito, das Cíes e da Porta** (facendo camiñadas a pé).

8 Cabo Estai (Vigo) 17, 2 km.

Podemos pasar por Samil e Canido.

9 Panxón (Nigrán), 7,2 km.

Dúas torres, unha no centro da vila e outra no mar. É interesante achegarse ao **Faro de monte Meda** (Monteferro), un pequeno sistema de sinais nun monte cunhas vistas espectaculares sobre as illas, **Cíes (Faro do Bico)**, Estelas e **Serralleiras**.

10 Cabo Silleiro (Baiona) 16 km. Fin ou comezo da viaxe, Un faro novo en funcionamento e os restos do antigo faro. No camiño desde Panxón podemos visitar Baiona e achegarnos a Monterreal para ver a ría e as illas, ou á Virxe da Rocha.



Faro de Punta Cabalo (Illa de Arousa)

Altura: 5 m sobre o terreo e 10 m sobre o nivel do mar

Alcance: 10 millas

Data de construción: 1853



Luz do Golfeiriño (San Vicente- O Grove)

Altura: 13 m sobre o terreo e 13 m sobre o nivel do mar

Alcance: 8 millas



Faro do Pombeiro (San Vicente- O Grove)

Altura: 13 m sobre o terreo e 13 m sobre o nivel do mar

Alcance: 8 millas



Faro da Illa de Ons (Bueu)

Altura: 12 m sobre o terreo e 127 m sobre o nivel do mar

Alcance: 25 millas

Data de construción: 1865 e 1926



Faro da illa de Tambo (Poio)

Altura: 13 m sobre o terreo e 35 m sobre o nivel do mar

Alcance: 11 millas

Data de construción: 1955



Faro de Punta Couso (Aldán-Cangas)

Altura: 5 m sobre o terreo e 20 m sobre o nivel do mar

Alcance: 9 millas



Faro de Cabo Home (Dúas Torres) (Cangas)

Punta de Cabo Home

Altura: 19 m sobre o terreo e 38 m sobre o nivel do mar

Alcance: 9 millas



Faro Punta Robaleira (Cangas)

Altura: 6 m sobre o terreo e 27 m sobre o nivel do mar

Alcance: 11 millas

Faro de Punta

Sobrido (Cabo Home 2) (Cangas)

Altura: 13 m sobre o terreo e 52 m sobre o nivel do mar.

Alcance: 9 millas





Faro Borneira (Cangas)

Torre Baliza situada nuns baixos fronte á punta Borneira

Altura: 11 m sobre o nivel do mar

Alcance: 5 millas

Data de construción: 1908




Faro do Peito (Illa Monteagudo, Cíes, Vigo)

Altura: 24 m sobre o nivel do mar

Alcance: 18 millas

Data de construción: 1904



Faro de Cíes

(Illa do Faro, Cíes, Vigo)

Altura: 10 m sobre o terreo

e 187 m sobre o nivel do mar

Alcance: 22 millas

Data de construción: 1852




Faro da Porta (Punta Canabal, Cíes Vigo)

Altura: 10 m sobre o terreo e 65 m sobre o nivel do mar

Alcance: 10 millas

Data de construción: 1918



Faro dos Bicos (Illa de San Martiño, Cíes, Vigo)

Altura: 63 m sobre o nivel do mar

Alcance: 18 millas



Faro de A Guía (Vigo)

Altura: 21 m sobre o terreo e 37 m sobre o nivel do mar

Alcance: 12 millas

Data de construción: 1844




Faro de Cabo Estai (Vigo)

2 torres: 6 m sobre o terreo e 18 m sobre o nivel do mar

7 m sobre o terreo e 50 m sobre o nivel do mar

Alcance: 18 millas



Faro de Punta Meda
(Monteferro, Panxón)

Altura; 27 m sobre o
nivel do mar



Faros de Panxón. (Panxón-Nigrán)

2 torres:

Cabezo de San Xoán, no mar, 9 m de altura

Canido, en terra, 19 m de altura.

Construído en 2007

**Faros das illas Boeiro
e Serralleiras**



Faro de Cabo Silleiro (Baiona)

Altura: 9 m sobre o terreo e 85 m sobre o nivel do mar

Alcance: 24 millas

Data de construción: 1866 e 1924

